

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE BOIRO.

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO 36/2022

Acta do tribunal de selección.

Acta n.º 1

Constitución do tribunal, realización da proba de coñecemento de galego, se procede, e valoración de méritos alegados polas persoas aspirantes.

Data da sesión: 25/04/2023

Hora de inicio: 12:00 horas

Hora de finalización: 12:05 horas

Lugar: Casa do Concello de Boiro

Asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón

Francisco Javier Oubiña Lodeiro, secretario do concello de Boiro

María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames

Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña

María Victoria Negrín Blanco, funcionaria de Admón. Local do concello de Boqueixón

Andrea Muíño Quintáns, normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra

1.- Constitución do tribunal

Os presentes foron designados integrantes do tribunal cualificador encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas de oficial albanel, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro de 2022, publicada no BOE n.º 311 de 28 de decembro de 2022 .

Do decreto resulta a seguinte composición (referida aos asistentes):

Presidente:

Titular: Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón

Secretario:

Suplente: Francisco Javier Oubiña Lodeiro, secretario do concello de Boiro

Vocais:

Titular: María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames

Titular: Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña

Titular: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria de admón. local do concello de Boqueixón

Asiste coma técnica asesora para a realización da proba do coñecemento da lingua galega Andrea Muíño Quintáns, normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra.

Así mesmo o tribunal declara que ningún dos seus integrantes está incurso en causa de abstención ou recusación que lle impida formar parte do tribunal.

2.- Acreditación do coñecemento da lingua galega.

O aspirante MANUEL ALONSO MARIÑO non acredita o nivel de coñecemento da lingua galega equivalente ao CELGA 3, polo procede a realización da proba oral de coñecemento da lingua galega que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O Aspirante non se presentou á proba polo que o Tribunal segundo o establecido na base 5ª bis acorda declaralo NON APTO

3.- Valoración de méritos.


O Tribunal non procede á valoración dos méritos ao non ter acreditado o aspirante o nivel de galego.

Á vista do anterior, o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Declarar NON APTO ao aspirante MANUEL ALONSO MARIÑO ao non terse presentado á proba de acreditación do nivel de galego.

SEGUNDO. Outorgar un prazo para presentación de alegacións ou reclamacións de tres (3) días hábiles a computar dende o seguinte ao da publicación desta acta. Aquelas poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.



The image shows four handwritten signatures in blue ink. From left to right: a large, stylized signature; a signature that appears to be 'Andrea'; a signature that appears to be 'Manuel'; and a signature that appears to be 'Manuel Parob' with 'ceunsteu' written below it.